



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

Convenio Colectivo 2008

DESENMASCARADOS

Ao final **elixiron estar do lado da empresa**. Coa sinatura deste Convenio algunhas forzas sindicais renunciaron a defender os intereses do cadro de persoal de Telefónica e aceptaron, sen un mínimo xesto de rexeitamento, as profundas modificacións nas condicións laborais e salariais que pretende a empresa.

Foron **incapaces** de aproveitar as mobilizacións que levamos a cabo os traballadores que non estamos dispostos a que se nos supriman polas boas os dereitos. É máis, estamos convencidos de que os paros realizados os contrariaban, porque deixaban ao descuberto a súa sintonía coa empresa e o divorcio cos intereses dos traballadores.

Son **inútiles**, como ferramenta ó servicio dos traballadores, pois non serven nin queren servir para dar a batalla cando é preciso, como neste caso, para conseguir un bo convenio e rexeitar a Clasificación Profesional e a implantación dunha nova estrutura salarial, ámbalas dúas moi prexudiciais para os intereses de todos.

Son **Perigosos** para o futuro porque están dispostos a facilitarlle a empresa a implantación completa dun novo modelo de empresa con un sistema salarial ligado ó desempeño. Ver (*edomus* → RR.HH → Estructura Organizativa → Director de RR.HH. → Funcións).

Coma sempre, deben ser os traballadores máis consecuentes os que se poñan ao fronte para a defensa dos seus, dos nosos intereses. Manter a estes sindicatos ca actual representación condénanos a todos a sufrir as consecuencias. É moi necesario que perdan afiliación e representatividade de maneira urxente.

Galiza, 3 de xullo de 2008